

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Persoal

Lista definitiva persoas admitidas/excluídas, tribunal, lugar e data concurso praza arquitecto/a (OEP-E 2022). Estabilización do emprego temporal. Corrección de erros

ANUNCIO

Expediente núm.: 2022/E001/000047

Mediante o Decreto 623/2024, do 1 de abril (expediente núm. 2024/G003/000655), do concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos, aprobouse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, a composición do tribunal e a determinación do lugar, día e hora do comezo do proceso selectivo para a cobertura dunha praza de persoal laboral fixo de arquitecto/a, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello das Pontes de García Rodríguez do ano 2022 (OEP-E 2022), para a estabilización do emprego temporal.

No BOP núm. 67, do 05/04/2024, publicouse o anuncio núm. 2024/2176, no que se transcribe a parte dispositiva da citada resolución e o pé de recursos.

Advertido un erro no citado anuncio, procede a súa corrección.

Polo tanto, déixase sen efecto o anuncio núm. 2024/2076, publicado no BOP núm. 67, do 05/04/2024, que é substituído polo presente.

A parte dispositiva e o pé de recursos do Decreto núm. 623/2024, do 1 de abril, sinala:

“1º) Aprobado a relación definitiva de persoas admitidas ou excluídas no proceso selectivo para a cobertura dunha (1) praza de Arquitecto/a, pertencente ao grupo de clasificación profesional persoal laboral asimilado a Subgrupo A1, incluída na oferta de emprego público extraordinaria desta entidade local do ano 2022 (OEP-E 2022), mediante acordo de modificación da dita oferta adoptado na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 17/11/2022 e publicada no BOP núm. 222, do 23/11/2022:

a) Persoas aspirantes admitidas:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 4 OU EQUIVALENTE	
1	Candocia Acción, Marta	***6443**	Sí	
2	Couceiro López, Xosé Manuel	***1239**	Sí	
3	Cornide Petronio, Guadalupe	***1187**	Sí	
4	Domínguez Tedín, María Meibel	***8946**	Sí	
5	González Truque, Edmundo	***7404**	Sí	
6	Magdalena Nogueira, José	***5988**	Sí	
7	Mosquera Amado, Manuela	***4671**	Sí	- Non aporta facturas ou a documentación acreditativa dos servizos prestados por conta propia que alega - Non aporta certificado de alta na mutualidade profesional para os servizos prestados por conta propia que alega
8	Rodríguez Geada, María Carmen	***2874**	Sí	

As persoas aspirantes en posesión do Celga 4 (ou equivalente), están exentas de realizar a proba de galego a que se refire a base sétima das bases específicas do proceso selectivo.

b) Persoas aspirantes excluídas: Ningunha

2º) O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos de conformidade coas bases da convocatoria, polo que, aínda no caso de se presentaren ao proceso selectivo, e mesmo superalo, se se comproba que non posúen algún dos ditos requisitos decaerán en todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no procedemento.

3º Designar as seguintes persoas -todas elas persoal funcionario ou laboral fixo deste concello, coas excepcións que se indican- para integrar o órgano de selección na condición que en cada caso se indica:

– Presidencia:

Titular: Matilde Montserrat González Rivera, persoal laboral fixo asimilado ao subgrupo A1 (pedagoga)

Suplente: María del Carmen Rego Piñeiro, persoal laboral fixo asimilado ao subgrupo A1 (pedagoga)

– Vogalías:

1.ª):

Titular: Ernesto Gancedo Herreras, persoal laboral fixo asimilado ao subgrupo A1 (profesor Conservatorio de Música)

Suplente: Graciela María López Varela, persoal laboral fixo asimilado ao subgrupo A1 (profesora Conservatorio de Música)

2.ª):

Titular: José Alvariño López, persoal laboral fixo, asimilado ao subgrupo A1 (técnico de servizos)

Suplente: José Manuel Campello Blanco, persoal laboral fixo asimilado ao subgrupo A1 (profesor Conservatorio de Música)

3.ª):

Titular: Ignacio Aguiriano Ramudo, funcionario de carreira do Concello das Somozas do subgrupo A1 (arquitecto)

Suplente: Marta Gómez Fernández, funcionaria de carreira do Concello de Pontedeume do subgrupo A1 (arquitecta)

– Secretaría:

Titular: María Roca Vázquez, funcionaria de carreira do Concello de Pontedeume do subgrupo A1 (técnica superior en administración local)

Suplente: José Manuel Cabarcos Anca, funcionario de carreira do subgrupo A1 (técnico de administración xeral)

4º Fixar lugar, día e hora de constitución do tribunal e de realización da fase de concurso, nos seguintes termos:

a) Día: **17 de abril de 2024**

b) Lugar: **Salón de Sesións da Casa do Concello**

c) Constitución do tribunal: **10:30 horas**

d) Valoración da fase de concurso: **10:45 horas**

e) Convocar ás persoas integrantes do órgano de selección para a constitución do dito órgano no lugar, data e hora sinalados

5º Publicar a presente resolución Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (BOP), no taboleiro de anuncios do concello (taboleiro electrónico) e na páxina web municipal, tal e como dispoñen as bases da convocatoria.

6º Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida mediante a interposición de recurso potestativo de reposición ante a concellaría delegada competente, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, de acordo coa Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estimen oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.”

As Pontes de García Rodríguez, 5 de abril de 2024

O concelleiro-delegado de Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos

Antonio Alonso Román

2024/2306